

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

EXPEDIENTE Nº:2026/E001/000002.

EXPEDIENTE ORIXE:2026/A008/000006.

EXPEDIENTE DECRETO Nº: 2026/G003/000211.

ASUNTO: CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DE CATRO PEÓNS/PEOAS A XORNADA COMPLETA, PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (GALICIA SUMA TALENTO:RURAL ACTIVO 2026).

A Orde do 22 de xaneiro de 2026 (DOG núm. 24 do 05/02/2026) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (programa Galicia Suma Talento:Rural Activo) e procede a súa convocatoria para o ano 2026.

Ao abeiro de dita convocatoria, o Concello de Sobrado solicitou subvención para a contratación de catro peóns/peoas por un período de 9 meses, para a realización do servizo denominado Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado, ditando resolución o Departamento Territorial da Coruña da o 21/04/2026 coa autorización e concesión de subvención por importe de 67.820,12 € para a contratación de catro peóns/peoas.

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 26.1, establece a competencia dos municipios en canto a limpeza viaria. De igual modo, ante o inminente comezo do período estival e o conseqüente risco de incendios forestais, así como a gran extensión de terreo forestal do concello, aumenta a necesidade de realizar labores de limpeza e desbroce forestal co fin de dar resposta ás tarefas de prevención que lle corresponden a este concello, polo que considérase dito servizo coma esencial.

Posto que actualmente este concello conta con pouco persoal municipal que poida realizar ditas funcións, procede realizar os trámites pertinentes para a selección deste persoal.

O Concello de Sobrado dispón do crédito orzamentario axeitado e suficiente para asumir o custo destas contratacións contra as aplicacións orzamentarias 170.131.00 e 170.160.00.

Existe a necesidade urxente e inaprazable, para a realización de traballos relacionados có servizo de limpeza de montes, e estando subvencionado case o total dos custos salariais pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Xunta de Galicia) para a contratación como persoal laboral temporal de catro peóns/peoas a xornada completa, durante nove meses na modalidade de contrato de traballo temporal vinculado coas políticas activas de emprego, e así garantir desta maneira a prestación do servizo municipal de limpeza de montes neste concello.

Visto o informe de secretaría de data 24/04/2026 e o informe de fiscalización de data 24/04/2026.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases das probas selectivas para a selección como persoal laboral temporal, de catro peóns/peoas a xornada completa, para a realización do Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado (programa Galicia Suma Talento:Rural Activo 2026).

SEGUNDO: Convocar o proceso de selección como persoal laboral temporal, de catro peóns/peoas a xornada completa, para a realización do Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado (programa Galicia Suma Talento:Rural Activo).

TERCEIRO: Remitir oferta de emprego á Oficina de Emprego do SPEG de Melide aos efectos oportunos; publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado o anuncio indicativo deste proceso de selección e a súa convocatoria, máis as súas bases.

Mándao e asínao, o Sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde-presidente
Luis Lisardo Santos Ares

A secretaria-interventora
Alejandra D. Fandiño Sánchez

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DE CATRO PEÓNS/PEOAS A XORNADA COMPLETA, PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO:RURAL ACTIVO 2026).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de catro peóns/peoas durante nove meses na modalidade de contrato de traballo temporal vinculado a políticas activas de emprego (código 405), mediante concurso-oposición, para o Servizo de Limpeza de Montes do Concello de Sobrado, para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompañou á solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (programa Galicia Suma Talento:Rural Activo) para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026).

A contratación será:

Ocupación: PEÓN/PEOA, Grupo de Cotización 10.

Servizo: Servizo de limpeza de montes.

Xornada: Completa (100%)

Retribucións: 1.424,50 € brutos/ mes. Incluída a prorrata da paga extra.

Ámbito: No termo municipal do Concello de Sobrado.

Horario.- De luns a venres, 37,5 horas semanais.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

1) Xerais:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos art. 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opte. Acreditarase mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
- d) Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- e) Cumprir os requisitos para exercer a función que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia durante o proceso selectivo e mantelos ata o día da contratación se é o caso.

Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

2) Específicos:

1.- Ser persoa desempregada **inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego**. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

2.- Carné de conducir B.

3.- Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego será obrigatoria a realización dunha proba oral realizada polo tribunal a realizar nun tempo máximo de dez minutos antes da oposición. O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PROCESO DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O Concello de Sobrado dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e páxina web(www.sobrado.es) e presentará a correspondente oferta de emprego ante a Oficina do SPEG de Melide, facendo referencia aos requisitos que deben reunir os/as traballadores/ras a contratar conforme a base segunda anterior.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, e aportará alomenos 2 candidatos e non máis de 10, remitindo novos candidatos se o concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou rexeitamento voluntario ou incompatibilidade dos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados na citada Orde na que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/ras desempregados/as, que serán contratados/as a través dos programas de fomento do emprego no medio rural (programa Galicia Suma Talento: Rural Activo) para o ano 2026:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Os/as aspirantes, presentarán instancia (Anexo II) dirixida ó Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado, de 9:00 a 14:00 horas, o día sinalado pola Oficina de Emprego de Melide (SPEG) coa documentación que acrediten os requisitos e os méritos.

Tamén se poderán presentar as solicitudes mediante calquera das formas previstas recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso o/a aspirante deberá comunicalo mediante un correo electrónico a correo@sobrado.es durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada á solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañando:

- Anexo II – Instancia.
- Fotocopia do DNI.
- Carné de conducir.
- Toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases (informe períodos inscrición).
- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo, mediante fotocopia do correspondente título ou diploma.
- Antigüidade como demandante de emprego que será acreditada por medio do Informe de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).
- Documentación acreditativa dos demais méritos.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, a Alcaldía acordará a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.sobrado.es), concedendo, no seu caso, un prazo de 1 día hábil para subsanar as deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo de subsanación, o Alcalde ditará resolución polo que se aprobe a lista de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva. En dita resolución sinalarase tamén o día, hora e lugar na que se realizará a fase de concurso-oposición e a composición da comisión seleccionadora. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello (www.sobrado.es).

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

1.- A Comisión seleccionadora será designada polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado.

2.- Os membros da comisión estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos no artigo 23 da Lei 40/2015 citada, non podendo seren nomeados membros, colaboradores ou asesores da comisión os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros da comisión de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

3.- A comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

4.- A comisión poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.- A Comisión seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

QUINTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO (ANEXO I).

a) FASE DE CONCURSO: 6,7 puntos

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a **6,7 puntos**. A comisión seleccionadora valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos/as aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1) Formación (puntuación máxima 2,5 puntos):

Valóranse os cursos homologados de formación e capacitación recibidos por Administracións Públicas e relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc, que non sexan cursos):

- Curso de prevención de riscos laborais relacionado co posto (**1 punto**).
- Outros cursos relacionados co posto (**ata 1,5 puntos**):
 - Cursos de 4 a 19 horas: 0,10 puntos por curso.
 - Cursos de 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

- Cursos de máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os méritos deste apartado presentaranse por acreditación mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

2) Por antigüidade como demandante de emprego (puntuación máxima 1,2 puntos):

Por cada mes inscrito no SPEG como demandante de emprego: 0,10 puntos por cada mes completo, máximo 1,2 puntos.

Os aspirantes deberán presentar unha certificación ou informe dos períodos de inscrición expedida polo SPEG, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, etc.). De non presentarse a citada certificación do SPEG, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

3.- Por acreditar no momento da solicitude estar nalgunha situación establecida no artigo 14.6- da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración seguintes (puntuación máxima 1,5 puntos):

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Valorarase con (0,5) puntos por colectivo ata un máximo de (1,5) puntos.

4) Terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por éstas, ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de (0,25) puntos por persoa a cargo, **ata un máximo de (1,5) puntos**, previa acreditación documental: Libro de Familia, Certificado de convivencia, certificado de pensións, certificados do SPEG, etc.).

Coñecemento da lingua galega.

Os candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da lingua galega Celga 1 ou equivalente, deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será cualificada de apto ou non apto.

b) FASE DE OPOSICIÓN:

Realización dunha proba práctica (puntuación máxima 10 puntos)

Constará dunha proba práctica de carácter obrigatorio, consistente nunha proba de manexo da maquinaria necesaria para a limpeza dos montes e matorrais do Concello de Sobrado, durante o tempo máximo que determine a Comisión Seleccionadora.

Algunhas das funcións básicas dos postos de traballo deste servizo son: as podas, rozas, rareos de montes e matorrais e reforestacións e rexeneracións das masas frondosas.

Nesta proba valorarase a destreza no manexo da maquinaria, os coñecementos das máquinas e o tempo na realización das probas, valorando a proba de 0-10 puntos.

Durante esta proba a Comisión Seleccionadora poderá formular as preguntas que considera oportunas, para unha mellor valoración das capacidades e coñecementos do/a aspirante.

SEXTA.- RELACIÓN DE APROBADOS, PROPOSTA DE DESIGNACIÓN E LISTA DE ESPERA.

Finalizado o proceso selectivo, a Comisión Seleccionadora fará públicas no taboleiro electrónico de edictos do concello, a relación dos aspirantes coas puntuacións obtidas na fase de concurso e na de oposición.

Os/As interesados/as disporán dun prazo de 1 día hábil, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a para a súa contratación.

Crearase lista de reserva de contratación (bolsa de emprego), co resto dos/das aspirantes non propostos/as para a contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar en reserva por orde da puntuación obtida, formando así unha lista de reserva de contratación.

No caso de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte: Terán preferencia aqueles candidatos que acadaran mellor puntuación na proba práctica, de seguir o empate, os que teñan máis puntos no apartado de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, de seguir os que acrediten máis responsabilidades familiares.

O chamamento dos/as aspirantes que figuren nesta lista de substitucións, efectuarase cando, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa necesario. Unha vez detectada esa urxencia ou o rexeitamento ó contrato, Alcaldía procederá ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Sobrado, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Sobrado, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar co interesado por vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas en horario de mañá, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante informe emitido polo empregado municipal que realice os intentos.

A renuncia expresada formalmente ao chamamento que se realice ao substituto/a implicará a súa exclusión da lista de reserva de contratación. E condición inescusable cumprir os requisitos esixidos nas bases.

SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro do Concello, no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, e publicada no taboleiro de anuncios do Concello os documentos seguintes:

- a. Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- b. Informe ou certificado médico no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- c. Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d. Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- e. Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- f. Informe inscrición no SPEG como demandante de emprego non ocupado (informe de estar inscrito no servizo público como demandante).

A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teña cabida no número de posto convocado; todo elo como consecuencia da citada anulación.

OITAVA.- DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Presentada a documentación polo/a aspirante seleccionado/a, ó Sr. Alcalde- Presidente procederá á formalización do correspondente contrato laboral.

Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se traten o superasen satisfactoriamente, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalicen o contrato e non se incorpore, ao posto de traballo, os/as aspirantes non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorre a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

NOVENA. INCIDENCIAS.

A Comisión está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado e na súa páxina <http://sobrado.sedelectronica.gal>, ante o alcalde do Concello de Sobrado, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado e na súa páxina web (<http://sobrado.sedelectronica.gal>), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SOBRADO.

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento.

ANEXO I

a) FASE DE CONCURSO: 6,7 puntos

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a **6,7 puntos**. A Comisión Seleccionadora valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos/as aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1) Formación (puntuación máxima 2,5 puntos):

Valóranse os cursos homologados de formación e capacitación recibidos por Administracións Públicas e relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc, que non sexan cursos):

- Curso de prevención de riscos laborais relacionado co posto (**1 punto**).
- Outros cursos relacionados co posto (**ata 1,5 puntos**):
 - Cursos de 4 a 19 horas: 0,10 puntos por curso.
 - Cursos de 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
 - Cursos de máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os méritos deste apartado presentaranse por acreditación mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

2) Por antigüidade como demandante de emprego (puntuación máxima 1, 2 puntos):

Por cada mes inscrito no SPEG como demandante de emprego: 0,10 puntos por cada mes completo, máximo 1,2 puntos.

Os aspirantes deberán presentar unha certificación ou informe dos períodos de inscrición expedida polo SPEG, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do SPEG, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

3) Por acreditar no momento da solicitude estar nalgunha situación establecida no artigo 14.6- da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración seguintes (puntuación máxima 1,5 puntos):

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Valorarase con (0,5) puntos por colectivo ata un máximo de (1,5) puntos.

4) Terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de (0,25) puntos por persoa a cargo, **ata un máximo de (1,5) puntos**, previa acreditación documental: Libro de Familia, Certificado de convivencia, certificado de pensións, certificados da oficina de emprego, etc.).

Coñecemento da lingua galega.

Os candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da lingua galega Celga 1 ou equivalente, deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será calificada de apto ou non apto.

b) FASE DE OPOSICIÓN:

Realización dunha proba práctica (puntuación máxima 10 puntos)

Constará dunha proba práctica de carácter obrigatorio, consistente nunha proba de manexo da maquinaria necesaria para a limpeza dos montes e matorrais do Concello de Sobrado, durante o tempo máximo que determine a Comisión Seleccionadora.

Algunhas das funcións básicas dos postos de traballo deste servizo son: as podas, rozas, rareos de montes e matorrais e reforestacións e rexeneracións das masas frondosas.

Nesta proba valorarase a destreza no manexo da maquinaria, os coñecementos das máquinas e o tempo na realización das probas, valorando a proba de 0-10 puntos.

Durante esta proba a Comisión Seleccionadora poderá formular as preguntas que considera oportunas, para unha mellor valoración das capacidades e coñecementos do/a aspirante.

ANEXO II - MODELO DE INSTANCIA.

D./Dna. con D.N.I. número
..... e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en
.....

CP: localidadeteléfono nº.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Sobrado para a contratación laboral temporal de catro PEÓNS/PEOAS, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. (No caso de ser nacional doutro Estado): que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello de Sobrado para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Que autorizo ó Concello de Sobrado a solicitar un informe dos períodos de inscrición, previo a súa contratación laboral pola entidade local de estar inscrito na oficina de emprego como persoa demandante de emprego non ocupada e dispoñible para o emprego.

QUINTO.- Solicito ser admitido/a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

- DNI ou documento que legalmente os substitúa.

- Carné conducir.
- Celga.....

RESPONSABLE	Responsable: CONCELLO DE SOBRADO, con C.I.F.: P-1508100-C Dirección: Praza Portal nº1, 15813, Sobrado, A Coruña Teléfono: 981 78 75 08 Correo Electrónico: correo@sobrado.es Delegado en Protección de Datos: Román Arias Fraiz, N.I.F.: 44.493.377-S Dirección: Rúa da Concordia nº1 Entlo A-B, 32003, Ourense. Teléfono: 988 609 224 Correo Electrónico: protecciondedatos@ariasavogados.com
FINALIDADE	Concello de Sobrado, levará a cabo o tratamento de datos coa finalidade de prestar os servizos do Concello; tramitación de procedementos e actuacións administrativas en relación cos servizos ofertados polo Concello.
LEXITIMACIÓN	Interese público (art. 6.1 e) RGD), consentimento expreso (art. 6.1 a) RGD), Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
DESTINATARIOS	- Preve a cesión de datos cando sexa necesario para a mellor prestación de servizos -Non se contempla a transferencia internacional de datos.
DEREITOS	O AFECTADO/A ten dereito a obter o acceso aos seus datos, á súa rectificación ou supresión, á limitación do seu tratamento, ou a opoñerse ao mesmo, así como á portabilidade dos seus datos, solicitándoo mediante comunicación ao Responsable de tratamento, Concello de Sobrado, ben no seu domicilio, Praza do Portal nº1, 15813, Sobrado ou a través de: correo@sobrado.es , ante o Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, no domicilio profesional de Arias Avogados, Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003, Ourense, ou á dirección de correo electrónico protecciondedatos@ariasavogados.com, ou ben ante a AEPD a través de www.aepd.es adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).
PROCEDENCIA	Os datos proceden do propio afectado/a.
+INFO	https://www.sobrado.es/

O AFECTADO/A,....., con N.I.F.:....., manifesta haber sido informado/a e comprendido a información anterior, de forma previa a prestar o seguinte consentimento para que se traten os seus datos persoais, os cales figuran na instancia xeral iniciada polo solicitante ou representante do mesmo, e se cedan de acordo ao apartado destinatarios:

SI NON

O consentimento podrá ser revocado en calquera momento mediante comunicación ao Responsable de tratamento, Concello de Sobrado, ben no seu domicilio, Praza do Portal nº1, 15813, Sobrado ou a través de: correo@sobrado.es, ante o Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, ben no domicilio profesional de Arias Avogados, Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003, Ourense, ou á dirección de correo electrónico protecciondedatos@ariasavogados.com, adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).

FIRMA AFECTADO/A.

En, de.....de 2026.

Asdo:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO.